

## EUROCIDADE CHAVES- VERÍN, AECT

### **NORMAS DE USO DO LOCAL DE ENSAIO MUSICAL PARA MOCIDADE**

1. As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso da instalación e do material do local de ensaio localizado na Sede da Eurocidade Chaves –Verín, AECT.

O local da Sede da Eurocidade Chaves-Verín, AECT ten como obxectivo facilitar un espazo para o ensaio musical dos mozos e mozas da Eurocidade.

2. Local está localizado na Sede da Eurocidade Chaves-Verín, AECT na antiga Aduana de Feces de Abaixo, Verín e conta cunha superficie de: 86,94 M<sup>2</sup>

O local conta cunha sala dotada do seguinte material:

- 2 Pantallas 2 vías, 80HM, graves 15", agudos 2".
- 1 Procesador estéreo analóxico control de voces.
- 1 Amplificador estereo 2X 2000W.
- 1 Mesa de mesturas dixital, 12 ent., 4 sal., 4 proc.
- 1 Instalación e conectado.
- 4 Monitores de escenario 1250W, 8 ohmios.
- 2 Procesadores estéreo analóxico control de alta voces.
- 2 Amplificador estéreo 2X1500W.
- 2 Rack para amplificadores e procesadores.
- 1 Set de micrófonos para batería.
- 1 Micrófono dinámico para instrumentos.
- 4 Micrófonos dinámico cardioide para voz.
- 3 D.I. caixa de inxección para instrumentos.
- 24 Cables de micro.
- 10 Soportes de xirafa para micrófono.
- 1 Mangueira de audio con caixa de escenario 32p., 25m.
- 2 Mangueiras de escenario 8 ch.
- 1 Amplificador para guitarra combo.
- 1 Amplificador para baixo.
- 1 Batería electrónica con soporte, programa tutorial + auriculares + baquetas.
- 2 Soportes de bafle.
- 1 Teclado Yamaha electronic piano, P-250.
- 1 Jam 90 (bafle pequeno de escenario).
- 3 Cables de audio.
- 1 Baixo Sting Ray 5.
- 1 Guitarra Acústica Breedlove.

- 1 Guitarra Española Alambra.
- 1 Guitarra Eléctrica Esp. Horizon.
- 4 Pes de Guitarra.

- 3. Horario do local supeditarase previa dispoñibilidade, de luns a venres en horario de 10h00 a 14h00h e 16h00 a 20h00.

- 4. Presentación de solicitudes:

Poderán presentar solicitudes para o uso do citado local, aquelas persoas que en representación dun colectivo musical ou individualmente precisen dun local para realizar os seus ensaios.

As solicitudes presentaranse no modelo facilitado pola Oficina de Información Xuvenil Transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal e entregaranse na propia oficina.

- 5. Valoración das solicitudes e criterios de autorización:

- a. Será dada prioridade as solicitudes de persoas ou grupos que non superen os 30 anos de idade (no caso de grupos con membros maiores desta idade solicitará o local un dos membros máis novos).
- b. Será dada prioridade as solicitudes das persoas residentes na Eurocidade Chaves- Verín.
- c. Trimestralmente revisaranse os horarios e, caso de ser necesario, reestruturarase o calendario en función de novas solicitudes e dos horarios dispoñibles.
- d. A Dirección do local entregará á persoa solicitante unha autorización do uso das instalacións indicadas, na que figurará o nome do solicitante, o seu número de documento de identidade, relación de membros que compoñen o grupo.

- 6. Acceso ás instalacións:

- a. Para ter acceso as instalacións no horario establecido, notificarase ao persoal do centro (o persoal do centro poderá solicitar a autorización á que se refire o apartado d) do artigo anterior).
- b. Antes do inicio de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera fallo ao persoal do centro e asinando a conformidade no caso de atopalo todo en correcto estado.

- c. Cada solicitante é responsable da limpeza básica da instalación, debendo deixar o local nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada.
- d. Accederán ao local os membros do grupo que figuren na solicitude. No caso de acceder persoas alleas ao grupo, notificarase ao persoal do centro.

#### 7. Obrigas do/a solicitante:

- a. Respetar os horarios.
- b. Cubrir o parte de asistencia.
- c. Acudir ao local de ensaio nos días e horas autorizados ou notificar as ausencias (preferentemente cun día de antelación como mínimo).
- d. Controlar e informar do acceso de persoas alleas ao grupo.
- e. Limpeza básica das instalacións. Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e do cableado, quedando todo desconectado da rede eléctrica.
- f. Coidado e bo uso da instalación e material. No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, deberá repoñer integramente o danado ou aboar o importe integro da súa reposición.
- g. Informar ao persoal do centro das incidencias ou problemas ocorridos durante o seu ensaio.
- h. Non se permite fumar, consumir bebidas alcohólicas ou comer no local.
- i. Asistir ás reunións de coordinación e seguimento periódico que se convoquen desde a dirección do local.

#### 8. Incumprimentos

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento darán lugar a perda do dereito ao uso e gozo das instalacións e materiais durante o tempo que a dirección considere oportuno. Sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente.